




memoria  
actividades  
deportivas  
0 8 / 0 9



Servizo de Deportes  
Universidade de Vigo

# ÍNDICE

## SAÚDO DA VICERREITORA 4


- 1. ACTIVIDADES DE LECER E FORMACIÓN 6
  - 1.1. ESCOLAS DEPORTIVAS 6
  - 1.2. CURSOS CURTOS 8

- 2. ACTIVIDADES DE LECER E RECREACIÓN 10
  - 2.1. RUTAS CULTURAI 10
  - 2.2. DELEGER 10
  - 2.3. AUGAVENTURA 10
  - 2.4. ACTIVIDADES DE INICIACIÓN 12

- 3. ACTIVIDADES DE COMPETICIÓN 13
  - 3.1. COMPETICIÓN INTERNAS 13
    - 3.1.1. LIGAS UNIVERSITARIAS 13
    - 3.1.2. TORNEO DE COPA 16
    - 3.1.3. CAMPIONATOS INDIVIDUAIS 16
    - 3.1.4. CAMPIONATOS DE PDI E PAS 16
  - 3.2. COMPETICIÓN INTERUNIVERSITARIAS 18
    - 3.2.1. CAMPIONATOS GALEGOS 20
    - 3.2.2. CAMPIONATOS DE ESPAÑA 20
    - 3.2.3. XOGOS GALAICO-DURIENSES 20
    - 3.2.4. 25 UNIVERSIADA DE VERÁN 20

- 4. SECCIÓN FEDERADAS 22
  - 4.1. CAMPUS DE OURENSE 22
  - 4.2. CAMPUS DE VIGO 23

5. EVENTOS E ACTIVIDADES	26
5.1. ORGANIZADOS POLO SERVIZO DE DEPORTES	26
5.2. SEDE DOUTRAS ACTIVIDADES E EVENTOS	32
6. OUTRAS ACTUACIÓNS	35
6.1. PARTICIPACIÓN EN REDES	35
6.2. CALIDADE	36
6.3. RECOÑECEMENTOS	36
6.4. OUTRAS ACTUACIÓNS	38
7. SERVIZOS E VANTAXES	40
7.1. TARXETA DEPORTIVA UNIVERSITARIA	40
7.2. PROGRAMA DUE	40
7.3. ÁREA DE DEPORTE E SAÚDE	40
7.4. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS	42
7.5. BOLSAS PARA O ALUMNADO COLABORADOR	42
7.6. OUTROS	42
8. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	44
8.1. XESTIONADAS POLO SERVIZO DE DEPORTES	44
8.2. CENTROS DEPORTIVOS UNIVERSITARIOS (CDU)	46
9. ARQUIVO DE PRENSA	47
10. DIRECTORIO	64
11. ENTIDADES COLABORADORAS	65





M.ª DEL CARMEN CABEZA PEREIRO  
VICERREITORA DE EXTENSIÓN CULTURAL E ESTUDANTES

Universida<sub>de</sub>Vigo

Esta memoria de actividades deportivas pretende reflectir o noso esforzo de renovar, actualizar e adecuar a oferta de actividades deportivas aos intereses e ás demandas dos usuarios e usuarias. O resultado é unha ampla participación, como se observa nas páxinas seguintes.

Guiános unha concepción do deporte como forma de vida saudable, que xa se consolidou no Programa Deporte e saúde e que se vai abrindo camiño e aproveitando sinerxías nun contorno que suma outros valores relacionados coa saúde, como a nutrición, o medio natural ou a prevención de hábitos nocivos. Hai que destacar como acontecemento importante a adhesión formal da Universidade de Vigo, mediante acordo de Consello de Goberno, á Rede Española de Universidades Saudables (REUS). Como consecuencia deste compromiso, constituíuse un grupo de traballo que está a liderar e concretar as apostas da institución en materia de deporte e vida saudable. No mesmo contexto inclúese a práctica deportiva ao aire libre impulsada dende o Servizo de Deportes a través dos programas Delecer ou Augaventura e outras actividades como as saídas culturais.

Non esquecemos a parte lúdica e organizamos cursos curtos de iniciación a actividades como a patinaxe e o aeróbic; tamén xornadas gratuítas que teñen como obxectivo animar a comunidade universitaria a probar co footing, a escalada, o surf ou o esquí, entre outras.

As accións que promove o Servizo de Deportes non se limitan só á comunidade universitaria, senón que buscan a participación popular. A carreira 10 km Cidade Universitaria, xa na súa terceira edición, está plenamente afianzada e reúne no Campus de Vigo (As Lagoas, Marcosende) varios centos de persoas.

Sentímonos recoñecidos pola atención que nos presta a sociedade e agradecemos neste punto a función que desempeñan os patrocinadores, os medios de comunicación e outras administracións. En concreto, o Concello de Vigo concedeulle este ano unha mención especial ao Servizo de Deportes da Universidade de Vigo. A nosa vocación internacional concrétase na participación na rede ENAS (European Network of Academic Sports Services).

Na faceta máis competitiva teñen cabida os torneos, ligas e campionatos, internos e externos. Ademais da participación de deportistas da Universidade de Vigo en diferentes formas de competición, tamén nos comprometemos na organización de campionatos de España universitarios; en concreto, os de orientación e taekwondo e as fases interzonais das modalidades de fútbol 11 masculino e baloncesto feminino.

Algunhas seccións e equipos da Universidade de Vigo obtiveron resultados que merecen ser recoñecidos: en particular mencionamos os equipos federados de tenis e xadrez e a selección de taekwondo que participou no Campionato de España Universitario desta modalidade.

O feito de contar con deportistas que representan con éxito a Universidade de Vigo e que, ao mesmo tempo, se esforzan por compaxinar a súa práctica deportiva de alto nivel co estudo, constitúe un modelo de superación e reforza a idea de compromiso co deporte que pretendemos difundir como parte da nosa misión formativa. Este é o motivo que impulsou a creación, neste curso académico, dos premios á Excelencia Deportiva, entregados a Rebeca Mariño e a Gustavo Nieves durante a celebración da Gala do Deporte que tivo lugar no teatro Vidal Bolaño do Campus de Vigo o día 21 de maio.

Os logros deles, de todos vós, usuarios e usuarias do Servizo de Deportes da Universidade de Vigo, anímannos a continuar co noso traballo, plenamente recompensado pola vosa confianza e a colaboración de institucións e empresas que apoian o deporte universitario.





## ACTIVIDADES DE LECER E FORMACIÓN



### 1.1. ESCOLAS DEPORTIVAS

O programa ofrece un total de 51 modalidades diferentes, adaptadas ás demandas, tanto polos seus horarios coma polo tipo de actividades e niveis de esixencia. Trátase dun programa vivo, en continua adaptación ás novas tendencias.

Hai catro modalidades ás que lles están concedidos créditos de libre elección: ioga, xadrez, natación e tenis (Campus de Vigo).

No Campus de Ourense destacaron as actividades de tenis e aeróbic. En Pontevedra cómpre salientar a actividade full equipo, en que o alumnado puido realizar todo tipo de actividades da piscina, facer uso da sala de musculación e inscribirse nun curso que ofertaba o centro deportivo encargado desta actividade.

**OURENSE**  
291 PARTICIPANTES

	1º cuadrimestre	2º cuadrimestre
Aerobic	34	23
Aerobox	5	5
Aquafitness	6	8
Bailes de Salón	12	0
Boot Camp	20	20
Boxeo	6	2
Capoeira	10	10
Danzas Orientais	19	7
Escalada	0	5
Ioga	11	9
Jiu-Jitsu	0	2
Karate	2	3
Kick Boxing	7	2
Natación	1	1
Pilates	22	16
Sabrosura	12	0
Tai Chi	10	9
Tenis	36	24
Wushu	6	5
Wushu Shanda	7	7
Fama-Baile	5	2
Power Dundell	20	20
<b>total</b>	<b>251</b>	<b>180</b>


**PONTEVEDRA**  
389 PARTICIPANTES

	1º cuadrimestre	2º cuadrimestre
Aerobic + Power Pump	29	16
Aerobic + Step + Gap	23	22
Aerostep Avanzado	4	1
Bailes Latinos	16	12
Capoeira	3	6
Musculación	83	61
Full Equipe	118	93
Ioga	13	1
Natación	17	9
Pilates	14	9
Power Pump	8	2
Taekwondo	8	7
Tai Chi	5	3
Spa-Onsen	2	2
<b>total</b>	<b>343</b>	<b>244</b>


**VIGO**  
610 PARTICIPANTES

	1º cuadrimestre	2º cuadrimestre
Aerobic	46	33
Aerobic Latino + Gap	5	4
Aerobic + Step	3	1
Aerobox	11	8
Aikido	2	2
Aquagym	13	9
Body Pump	8	8
Body Step + Latino	20	20
Capoeira	11	10
Cardio Box + Step	3	4
Danzas Orientais	10	12
Full Contact	4	7
Gap	9	4
Gap + Step Tono	22	17
Ioga	39	48
Judo	6	6
Jiu Jitsu + Hapkido	5	4
Kendo	5	4
Kick Boxing	8	9
Muay-Thay Boran	7	6
Natación	63	55
Pilates	40	31
Spinning	25	30
Step	4	3
Taekwondo	12	14
Taichi + Daoyin	2	2
Tenis	78	68
Wu Shu + Sanda	3	3
Xadrez	18	33
<b>total</b>	<b>482</b>	<b>422</b>

**ESCOLAS DEPORTIVAS**  
1076 PARTICIPANTES  
(1º cuadrimestre)



**846 PARTICIPANTES**  
(2º cuadrimestre)







## 1.2. CURSOS CURTOS

Con estas iniciativas o Servizo de Deportes pretende achegar os universitarios a modalidades deportivas minoritarias ou pouco habituais para servir así de toma de contacto e buscar a continuidade neste tipo de prácticas.

### CURSO DE DANZA ORIENTAL

Pontevedra, marzo-abril de 2009

Desenvolvido no pavillón universitario durante un total de oito sesións.

Participantes: 10

### CURSO DE VELA LIXEIRA

Pontevedra, marzo-abril de 2009

Realizado no Club Náutico de Sanxenxo cunha duración de 28 horas.

Participantes: 11

### XORNADAS GRATUÍTAS DE BÁDMINTON

Vigo, novembro de 2008-abril de 2009

En colaboración coa Federación Galega de Bádminton desenvolveuse de forma gratuíta un curso que se realizou todos os luns dende o día 10 de novembro.

### CURSO BÁSICO DE ESCALADA

Vigo, novembro de 2008

O pavillón universitario do Campus de Vigo acolleu en sete sesións un curso de iniciación á escalada dirixido a membros da comunidade universitaria. O prezo foi de 35 € e a duración de 12 horas.

Participantes: 10 (2 mulleres, 8 homes)







## ACTIVIDADES DE LECER E REGREACIÓN



### 2.1. RUTAS CULTURAIS

A programación de rutas culturais está centrada no descubrimento do contorno histórico e natural de Galicia. As saídas realizáronse nas fins de semana do período comprendido entre outubro e maio.

Durante o curso 2008/2009 organizáronse un total de 11 rutas a pé, de entre 15 e 26 km. As persoas participantes coñeceron da man de guías especializadas/os os detalles históricos, etnográficos e culturais dalgúns dos recunchos con máis encanto das provincias de Ourense e Lugo.

A asistencia ás rutas permitiulle ao alumnado acadar créditos de libre configuración e cada membro da comunidade universitaria podía ir acompañado dunha persoa non universitaria.

### 2.2. DELEGER

No curso 2008/2009 celebrouse a novena edición do Programa de ocio e tempo libre Deleger, que nesta ocasión propuxo cinco actividades: hípica, orientación, parapente, paracaidismo e pontismo.

Deleger 2009 realizouse durante os meses de marzo, abril e maio en distintos puntos da xeografía galega e do norte de Portugal, e contou coa colaboración de clubs e entidades expertas en cada unha das propostas.

### 2.3. AUGAVENTURA


Na novena edición de Augaventura, programa de deporte no medio acuático, incluíronse actividades como vela, surf, descenso de rápidos e mergullo.

Este programa celebrouse durante os meses de abril e maio.


### RUTAS CULTURAIS 481 PARTICIPANTES

	OURENSE	VIGO + PONTEVEDRA
Augas termais (18 de outubro)	8	81
Pena Corneira (8 de novembro)	35	50
Currosiana (22 de novembro)	34	50
Mosteiro de San Pedro de Rocas (13 de decembro)	26	28
Ribeiro (10 de xaneiro)	29	49
Aciveiro-Candán (24 de xaneiro)	21	39
Serra do Xurés (7 de marzo)	35	50
Ribeira Sacra (28 de marzo)	35	50
Canóns do Sil (18 de abril)	33	50
Bidueiral-Montederramo (25 de abril)	13	47
O Incio (9 de maio)	17	50
<b>total</b>	<b>286</b>	<b>544</b>

### DE LEGER 125 PARTICIPANTES



### AUGAVENTURA 165 PARTICIPANTES





## 2.4. ACTIVIDADES DE INICIACIÓN

En distintos momentos do curso presentáronse propostas de moi curta duración que propoñían achegarse a algunhas modalidades deportivas cun enfoque lúdico.

### CURSO DE PATINAXE

Ourense, 10 e 11 de decembro de 2008

Instalouse unha pista para practicar patinaxe en liña entre o Edificio de Ferro e o Politécnico. Esta pista estivo dispoñible para todas as persoas que quixeron practicar ou aprender esta modalidade. Ademais, puideron gozar das exhibicións de patinaxe extrema que realizaron os monitores da actividade.

### PROGRAMA ARRANCANDO MOTORES

Pontevedra, decembro de 2008

A Vicerreitoría do Campus achegou a posibilidade de tomar clases de aeróbic, tai chi ou esgrima gratis ou con prezos moi reducidos. O Programa Arrancando motores propuxo este tipo de actividades durante as dúas primeiras semanas de decembro e o día 11 este programa concluíu cun maratón de aeróbic benéfico.

Os días 2, 4, 9 e 11 houbo clases mestras e aeróbic para comezar o día con enerxía e, para os que o quixesen tomar con máis calma, organizáronse sesións de tai chi. Ademais ofreceu a posibilidade de coller a espada e realizar un curso de esgrima durante os días 2, 3, 4, 9, 10 e 11.

### ACTIVIDADES GRATUÍTAS DO MES DE OUTUBRO

Vigo, do 16 ao 31 de outubro de 2008

As actividades, de carácter promocional, tiveron lugar nas instalacións deportivas do Campus de Vigo (As Lagoas, Marcosende) durante a segunda quincena de outubro.

**Día do aeróbic:** 16 de outubro. Clase mestra de salsa e ritmos latinos

**Semana do bádminon:** Do 20 ao 23 de outubro

**Semana da escalada:** Do 20 ao 23 de outubro

**Día do footing:** 22 de outubro. Xornada de iniciación á carreira

**Día do aquaeróbic:** 22 de outubro

**Xornadas de aproximación á petanca:** Do 20 ao 31 de outubro

### CURSOS DE INICIACIÓN AO ESQUÍ E AO SNOWBOARD

Vigo, xaneiro e febreiro de 2009

Organizados en colaboración coa estación de esquí de Manzaneda desenvolvéronse dous cursos de iniciación ao esquí e ao *snowboard* os días 31 de xaneiro e o 7 de febreiro.

O prezo de cada saída foi de 37 que incluía o transporte dende Pontevedra, Vigo e Ourense, seguro, dúas horas de clase, táboas, botas, bastóns e remontes.

Puideron asistir tamén acompañantes dos membros da comunidade universitaria.

Participantes:

31 de xaneiro: 43

7 de febreiro: 48

### CURSOS DE INICIACIÓN AO SURF

Desenvolvidos por Prado Surf Escola, realizáronse nos meses de novembro, febreiro e marzo de 2009 na praia de Patos (Nigrán) de maneira gratuita. Impartíronos técnicos titulados pola Federación Galega de Surf, que lle proporcionaron ao alumnado o material necesario (táboa de surf, lycra e neopreno).

Participantes:

29 e 30 de novembro: 100 (35 mulleres, 65 homes)

28 de febreiro: 35 (9 mulleres, 26 homes)

28 de marzo: 24 (13 mulleres, 11 homes)

### BAUTISMO DE MERGULLO

Vigo, 9 de maio de 2009

Organizado como agasallo para o alumnado que colaborou nos campionatos de España universitarios celebrados do 1 ao 3 de maio.

Participantes: 7 (2 mulleres, 5 homes)





## ACTIVIDADES DE COMPETICIÓN

### 3.1. COMPETICIÓN INTERNAS

#### 3.1.1. LIGAS UNIVERSITARIAS

Duración: de novembro a marzo

Nas competicións internas conflúen en equilibrio o estímulo da competencia como forma de superación e de logro de metas e o espírito recreativo baseado no gozo da participación en si mesma.

As ligas universitarias teñen o acicate de iren superando fases da competición, dende a fase de Campus á fase de Intercampus, dende o Campionato Galego ao Campionato de España Universitario. Ao mesmo tempo aglutinan o maior número de participantes de entre todas as actividades que organiza o Servizo de Deportes.

#### Tendencias

>Ourense: aumenta a participación en fútbol sala masculino, fútbol 7 feminino e masculino e voleibol, pero diminúe en baloncesto masculino e mantense igual en fútbol sala feminino.

>Pontevedra: aumenta a participación en todas as modalidades, excepto en fútbol sala feminino que se mantén.

>Vigo: aumenta a participación en fútbol sala feminino e masculino, fútbol 7 e voleibol, pero diminúe en baloncesto e balonmán.

#### Final Intercampus


Vigo, 2 e 3 de marzo de 2009

Os gañadores dos tres campus enfrontáronse en Vigo na final Intercampus. Os vencedores conseguiron praza para representar a Universidade de Vigo nos campionatos galegos universitarios, requisito previo para poder participar nos campionatos de España.

**LIGAS UNIVERSITARIAS**  
301 EQUIPOS  
3812 PARTICIPANTES


**OURENSE**

	equipos	xogadores/as
Baloncesto masculino	5	37
Baloncesto feminino	1	10
Fútbol sala masculino	31	303
Fútbol sala feminino	2	16
Fútbol 7 masculino	12	132
Fútbol 7 feminino	1	10
Voleibol masculino	1	10
<b>total</b>	<b>53</b>	<b>518</b>



**PONTEVEDRA**

	equipos	xogadores/as
Baloncesto masculino	2	24
Baloncesto feminino	1	14
Balónmán masculino	2	24
Fútbol sala masculino	15	180
Fútbol sala feminino	1	12
Fútbol 7 masculino	10	140
Voleibol mixto	3	36
<b>total</b>	<b>34</b>	<b>430</b>



**VIGO**

	equipos	xogadores/as
Baloncesto mixto	18	216
Balónmán mixto	7	100
Fútbol sala feminino	9	108
Fútbol sala masculino	65	780
Fútbol sala peritos	40	480
Fútbol 7 mixto	70	1120
Voleibol mixto	5	60
<b>total</b>	<b>214</b>	<b>2864</b>



### Gañadores de Ligas

#### **Baloncesto femenino**

1.º posto: Newteam (Campus de Vigo)

2.º posto: Campus Ourense

#### **Baloncesto masculino**

1.º posto: Los Benja's Powers (Campus de Vigo)

2.º posto: Cuvilingüe (Campus de Vigo)

#### **Balonmán masculino**

1.º posto: Manzanillos (Campus de Pontevedra)

2.º Posto: Descansa (Campus de Vigo)

#### **Fútbol sala femenino**

1.º posto: A lo Loco (Campus de Vigo)

2.º posto: Las Ineftas (Campus de Pontevedra)

#### **Fútbol sala masculino**

1.º posto: Real Suciedad (Campus de Vigo)

2.º posto: Un caño, unas risas y pa casa (Campus de Ourense)

#### **Fútbol 7 femenino**

1.º posto: A lo Loco (Campus de Vigo)

2.º posto: Campus Ourense

#### **Fútbol 11 masculino**

1.º posto: Spectra de Moscú (Campus de Vigo)

2.º posto: Pimpinelas (Campus de Vigo)

#### **Rugby femenino**

1.º posto: Campus de Vigo

2.º posto: Campus de Pontevedra

#### **Rugby masculino**

1.º posto: Campus de Vigo

2.º posto: Campus de Pontevedra

#### **Voleibol masculino**

1.º posto: Mextura Galega (Campus de Vigo)

2.º posto: Setnanip (Campus de Pontevedra)



### 3.1.2. TORNEO DE COPA

Esta competición recolle o testemuño das ligas universitarias para seguir xogando en equipo durante os meses de abril e maio. Á final do 21 de maio no Campus de Vigo chegaron os mellores de cada campus.

#### Gañadores de Copa

##### Baloncesto masculino

- 1.º posto: Sangra Bonito (Campus de Vigo)
- 2.º posto: Burundanga (Campus de Ourense)

##### Fútbol sala feminino

- 1.º posto: Toliñas (Campus de Vigo)
- 2.º posto: Las Ineftas (Campus de Pontevedra)

##### Fútbol sala masculino

- 1.º posto: Un Caño, Risas y pa Casa (Campus de Ourense)
- 2.º posto: Toma Espectáculo (Campus de Vigo)

##### Fútbol 7 masculino

- 1.º posto: Spectra de Moscú (Campus de Vigo)
- 2.º posto: A las 12 en las Mercedes (Campus de Ourense)

### 3.1.3. CAMPIONATOS INDIVIDUAIS

Duración: marzo

#### CAMPIONATO UNIVERSITARIO DE TENIS DE MESA

Pontevedra, 24 de marzo de 2009, no pavillón polideportivo universitario de Pontevedra.

Participantes: 28

#### Gañadores Tenis de Mesa

##### Individual masculino

- 1.º posto: Andrés Fagin Guerra
- 2.º posto: Miguel López Fraga

##### Individual feminino

- 1.º posto: Victoria Cadilla Veiga
- 2.º posto: Elisabet Cadilla Veiga

##### Dobres

- 1.º posto: Miguel López Fraga-Juan Ferreiro Lage
- 2.º posto: Victoria Cadilla Veiga-Elisabet Cadilla Veiga

#### CAMPIONATO UNIVERSITARIO DE PÁDEL

Pontevedra, 25 de marzo de 2009, nas instalacións do Club Pádel Bao de Pontevedra.

Participantes: 9 parellas

#### Gañadores de Pádel

- 1.º posto: Miguel Sequeiros e Alberto Novoa
- 2.º posto: Víctor Sáez e Víctor García

#### CAMPIONATO UNIVERSITARIO DE TENIS

Vigo, do 16 ao 26 de marzo de 2009

Participantes: 72

#### Gañadores/as de Tenis

##### Individual masculino

- 1.º posto: Jan Lukas Menzel
- 2.º posto: Víctor García Domínguez

##### Individual feminino

- 1.º posto: Raquel Guede
- 2.º posto: Iria Díaz

##### Dobres masculino

- 1.º posto: Víctor Sáez-Víctor García
- 2.º posto: Jaime Fernández-Alberto González

### 3.1.4. CAMPIONATOS DE PDI E PAS

O persoal docente investigador (PDI) e o persoal de administración e servizos (PAS) saltou ao terreo de xogo no Campionato de Fútbol 7 Masculino.

Participaron seis equipos e durante a xornada de finais do Torneo de Copa incluíuse a fase final deste torneo, na cal competiron os catro equipos mellor clasificados.

#### Gañadores de PDI e PAS

- 1.º posto: Virxe de Guadalupe (Campus de Vigo)
- 2.º posto: Ciencias (Campus de Vigo)

Os dous equipos representaron a Universidade de Vigo no Campionato Galego de PDI e PAS.

### TORNEO DE COPA 121 EQUIPOS


	OURENSE	PONTEVEDRA	VIGO
Baloncesto masculino	3	1	3
Fútbol sala femenino	2	1	3
Fútbol sala masculino	20	6	29
Fútbol 7	8	8	37
total	33	16	72

### CAMPIONATOS INDIVIDUAIS 118 PARTICIPANTES

Tenis de mesa	28
Pádel	18
Tenis	72

### RESUMO COMPETICIÓNS INTERNAS 4299 PARTICIPANTES

Ligas univesitarias	3830
Torneo de Copa	260
Competicións individuais	72
Campionato PDI e PAS	124







## 3.2. COMPETICIÓN INTERUNIVERSITARIAS

### 3.2.1. CAMPIONATOS GALEGOS

Duración: de xaneiro a maio

As competicións enfrontan aos representantes das tres universidades galegas, tanto en deportes de equipo coma individuais.

**ORGANIZAMOS E PARTICIPAMOS EN:**

#### CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE XADREZ

Campus de Vigo, 25 e 26 de marzo

A Universidade de Vigo organizou a terceira edición do Campionato Galego Universitario de Xadrez no edificio do Servizo de Deportes do Campus de Vigo.

Participantes: 45 (35 da Universidade de Vigo)

Destacou a alta intervención feminina e o nivel das xogadoras e destacamos como exemplo a presenza da vixente campioa galega absoluta Iria Ares.

Este campionato diferenciou dúas categorías, o Campionato Absoluto con xogadores incluídos na clasificación da Federación Internacional de Xadrez e o Campionato de Afeccionados orientado aos xogadores das escolas deportivas.

#### Gañadores do Campionato Absoluto de Xadrez

1.º posto: Manuel Pena Gómez (UVigo)

2.º posto: Eduardo García Brión (USC)

3.º posto: Daniel Fernández Losada (USC)

#### Gañadores do Campionato de Afeccionados de Xadrez

1.º posto: Alejandro Valverde Esteiro (UVigo)

2.º posto: Fidel Canduela Velasco (UVigo)

3.º posto: Alejandro Rodríguez Gilda (UVigo)

#### CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE PDI E PAS

Ourense, 28 de maio de 2009

Modalidades Campionato Galego Universitario de PDI e PAS

##### Baloncesto

Participantes: 4 equipos (42 xogadores)

##### Fútbol sala feminino

Participantes: 2 equipos (16 xogadoras)

##### Fútbol 7

Participantes: 6 equipos (58 xogadores)

##### Xadrez

Participantes: 5 xogadores

##### Tenis

Participantes: 3 xogadores

Os 50 participantes da Universidade de Vigo lograron uns excelentes resultados, acadando o primeiro lugar en tres das cinco modalidades da competición.

#### Gañadores Campionato Galego Universitario de PDI e PAS

##### Baloncesto

1.º posto: Santiago

2.º posto: A Coruña

##### Fútbol sala

1.º posto: Vigo

2.º posto: Santiago

##### Fútbol 7

1.º posto: Ciencias (Vigo)

2.º posto: Virxe de Guadalupe (Vigo)

##### Xadrez

1.º posto: Pablo Sánchez (Lugo)

2.º posto: Jesús Feas (Lugo)

##### Tenis

1.º posto: Fran J. Vidal (Vigo)

2.º posto: Virxilio Rodríguez (Ourense)





#### PARTICIPAMOS EN:

Circuíto Galego Universitario de Atletismo en Ruta (Carreira do Hombreiro) no Campus de Lugo, 10 km Cidade Universitaria no Campus de Vigo e Carreira Universitaria Sportzone no Campus de Ferrol).

Participantes: 40

Campionato Galego Universitario de Deportes Colectivos.

Participantes: 150

Campionato Galego Universitario de Natación.

Participantes: 25

Campionato Galego Universitario de Volei Praia.

Participantes: 12

Campionato Galego Universitario de Bádminton.

Participantes: 4

### 3.2.2. CAMPIONATOS DE ESPAÑA

Os/as mellores deportistas da Universidade competiron nos campionatos de España que se celebraron nas universidades de todo o país.

A Universidade de Vigo organizou os campionatos de Taekwondo e Orientación, así como as fases interzonais das modalidades de fútbol 11 masculino e baloncesto feminino.

### 3.2.3. XOGOS GALAICO-DURIENSES

Celebráronse en Braga a cargo da Universidade do Minho os días 18, 19 e 20 de novembro de 2008, coa participación de máis de 300 deportistas representantes das tres universidades galegas e as tres do norte de Portugal.

A competición desenvolveuse nas modalidades de bádminton, judo, karate, takwondo), tenis de mesa, xadrez, baloncesto, voleibol, fútbol sala e curt soccer.

Clasificación final

1.<sup>a</sup>: Universidade do Minho

2.<sup>a</sup>: Universidade de Santiago

3.<sup>a</sup>: Universidade do Porto

4.<sup>a</sup>: Universidade da Coruña

5.<sup>a</sup>: Universidade de Vigo

6.<sup>a</sup>: Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD)

Participantes da Universidade de Vigo: 47

### 3.2.4. 25 UNIVERSIADA DE VERÁN

Belgrado, 1-12 de xullo de 2009

Tres foron os/as estudantes da Universidade de Vigo que participaron na 25 Universiada como integrantes da selección española: Rebeca Mariño, Bruno García e Lorena Luaces.

Rebeca Mariño e Bruno García competiron en taekwondo e a pesar de partir como favoritos non conseguiron clasificarse para as roldas finais, mentres que a atleta Lorena Luaces rematou no 9.º lugar na proba de 10 km marcha.

Arredor de 9.000 deportistas de 140 países participaron neste evento que incluía 15 deportes.



**CAMPIONATOS DE ESPAÑA**  
126 PARTICIPANTES

**DEPORTES COLECTIVOS**  
fase interzonal

	xogadores/as
Baloncesto feminino	12
Fútbol 11 masculino	20
Balónmán feminino	14
Fútbol sala masculino	12
<b>total</b>	<b>58</b>

**DEPORTES INDIVIDUAIS**  
fase final

Atletismo	13
Bádminton	1
Campo a través	3
Esgrima	1
Golf	3
Judo	5
Natación	8
Orientación	6
Taekwondo	14
Tenis	4
Tenis de mesa	2
Volei praia	2
Xadrez	6
<b>total</b>	<b>68</b>

**RESULTADOS MÁIS DESTACADOS**

**CEU Taekwondo**

M. <sup>a</sup> Rebeca Mariño Torrado Fernando Rascado Ríos	David Vidal Benítez	Nazareth Tilve Costas Natalia Sampedro Pérez Bruno García Fernández Francisco Santiago Otero David Carril Freire
Prata	Ouro	Bronce

**CEU Atletismo**

Lucía Pérez Currás J. A. Palomares Mnez.	Solange Andreia Pereira	Beatriz Viteri Bouso Sandra Mosquera Losada
Prata	Ouro	Bronce

**CEU Natación**

Alberto Taboada Vila
Bronce

**CEU Tenis**

Víctor Sáez Hervada Víctor García Domínguez
Bronce

**CEU Volei Praia**

Diego Mahía Cernadas Eduardo Rguez. Fdez. Arroyo
Prata



## SECCIÓNS FEDERADAS



## 4.1. CAMPUS DE OURENSE

### BALONCESTO

A sección de baloncesto do Campus está formada por un equipo masculino e outro feminino.

#### Categoría masculina

O equipo Universitario Campus Ourense clasificouse no 10.º lugar da Liga FGB Sénior.

#### Categoría feminina

O Club Universitario Campus Ourense participou na Liga FGB Sénior e acadou o posto 12.º.

### TENIS

O Club de Tenis Dereito-Empresariais destacou pola súa capacidade organizativa e acadou un total de 27 licenzas.

#### Equipo sénior

Participou na cuarta categoría da Federación Galega de Tenis e clasificouse un ano máis no 2.º posto do seu grupo. Na promoción polo ascenso non houbo sorte e o equipo perdeu co Club de Tenis Pedralba.

#### Equipo infantil

O equipo infantil masculino participou na Segunda División do Campionato Galego e obtivo bos resultados.

#### Equipo de veteranos

O equipo masculino de veteranos xogou na segunda categoría galega e realizou unha boa competición.

### XADREZ

O Campus de Ourense conta con dous equipos:

#### Universitario Ourense A


Participou na Primeira División Galega

#### Universitario Ourense B

Participou na Terceira División Galega. Ademais, tres dos seus membros participaron no Torneo Internacional Aberto Cidade das Burgas, que se celebrou no mes de xullo.

A sección de xadrez organizou o 14.º Torneo de Xadrez Campus Ourense, no mes de outubro de 2008, e o Provincial de Xadrez, en decembro.





## 4.2. CAMPUS DE VIGO

### RUGBY

O Vigo Rugby Club contou con seis equipos de distintas categorías, ademais de dous técnicos e oito adestradores.

#### Equipo sénior masculino A

Participou en categoría nacional na División de Honra B e rematou en 3.ª posición. Tamén competiu na Copa Xunta de Galicia e proclamouse campión.

#### Equipo sénior masculino B

Na Primeira División Galega obtivo o 2.º posto.

#### Equipo sénior feminino

Competiu na Liga Galega, acadou o 3.º posto, e na Copa Xunta de Galicia, onde as súas participantes obtiveron o título de subcampioas.

#### Equipo xuvenil masculino

Competiu na Liga Galega, foi o 3.º clasificado, e na Copa Xunta de Galicia chegou ata as semifinais.

#### Equipo cadete masculino

Competiu na Liga Galega, obtivo o 4.º posto, e na Copa Xunta de Galicia quedou finalista.

#### Equipo infantil masculino

Competiu na Liga Galega, obtivo o 2.º posto, e na Copa Xunta de Galicia os seus compoñentes acadaron o título de campións.

Ademais, a sección encargouse da organización de varios torneos e actividades de promoción deste deporte nos centros de ensino, tales como o Programa Rugby Cole, coa participación de máis de 2.000 nenos e nenas durante o ano lectivo, ou o II Torneo Intercentros de Rugby Cidade de Vigo en que participaron seis colexios da cidade.

Por outra parte, a Gala do Deporte de Galicia (Caixanova-Faro de Vigo) premiou como deportista do ano de Galicia en rugby a Francisco Usero Barcena, xogador do 1.º equipo.

### XADREZ

A sección de xadrez conta con 47 xogadores e xogadoras federados/as (42 homes e 5 mulleres) e tres adestradores que son mestres internacionais: Pablo García, Roberto Paramos e Manuel Pena.

#### Resultados relevantes:

##### Individuais

Rafael Rodríguez, campión galego absoluto (Pablo García, 3.º clasificado).

Daniel Vila, campión galego sub16 (Rubén Alonso, subcampión).

Manuel Pena, subcampión de España absoluto de xadrez activo.

Manuel Pena, campión do Open Internacional de xadrez de San Agustín (Avilés).

Manuel Pena, campión galego universitario (segundo ano consecutivo).

##### Equipo

Bronce no Campionato de España de Clubs de Primera División. Este resultado asegura e sitúa o equipo entre os 20 mellores de España en 2009.

Campión da fase regular da Liga Galega de Xadrez 2009 (segundo ano consecutivo).

Subcampión galego de clubs 2009 (segundo ano consecutivo).

##### Outros

Organización do Campionato Galego Universitario de Xadrez 2009.

Retransmisión en liña de eventos: Liga Galega e Campionato Galego Universitario a través da páxina web oficial [www.webs.uvigo.es/xadrez](http://www.webs.uvigo.es/xadrez).





## TENIS

### Campionato de España 2008. Categoría B

O equipo feminino descendeu de categoría tras perder en Barcelona co Club de Tenis Sant Feliu de Guixols na primeira rolda e co Club de Tenis Race de Madrid na segunda.

Na promoción pola permanencia xogada en Tenerife o equipo perdeu co Club Internacional de Madrid logo de lle gañar ao Club de Tenis Tafira de Gran Canaria na rolda previa.

### Campionato Galego por Equipos

Nos equipos femininos participaron un total de 16 xogadoras en dous equipos, o equipo A na primeira categoría e o B na segunda.

O equipo A repetiu o título de campioas na máxima categoría ao vencer sucesivamente o CCD Sanxenxo, o Club de Tenis Coruña e, na final, o Club de Tenis El Rial de Vilagarcía.

O equipo B xogou a fase de ascenso despois de se clasificar segundo no seu grupo, aínda que non podía ascender ao participar outro equipo do club na primeira categoría.

Nos equipos masculinos participaron un total de 21 xogadores, 7 no equipo A e 13 no equipo B.

O equipo A conseguiu quedar primeiro e campión da súa categoría ao ascender automaticamente á segunda categoría. Despois de quedar segundo de grupo venceu sucesivamente o Club de Tenis Punta Salera B, o Ureca B e, na final, o Club de Tenis Coruña B.

O equipo B, despois de quedar no terceiro posto na fase de grupo, xogou a fase de descenso e a promoción, e mantivo a categoría tras vencer o Club de Tenis Codesal B.

### Campionatos individuais

Patricia Vilas: campioa galega júnior

## TRÍATLON

O equipo de triatlón, composto por 41 homes e 3 mulleres, participou nas seguintes competicións: Campionato Galego de Dúatlon de Estrada por grupos de idade (4 probas); clasificatorio para o Campionato de España de Dúatlon (3 probas); Campionato de España de Dúatlon; Campionato Galego de Dúatlon Montaña (3 probas); Campionato Galego de Triatlón (4 probas); Campionato Galego de Triatlón Cross; Campionato Galego de Cuadriatlón; clasificatorio para o Campionato de España de Triatlón (3 probas) e Campionato de España de Triatlón. Tamén tivo representación no Ironman de Roth, no Ironman de Frankfurt e no ½ Ironman de Lisboa.

## CARREIRAS DE ORIENTACIÓN

A sección de orientación participou ao longo do curso nas probas da Liga Galega e obtivo os seguintes resultados na clasificación final:

### Damas-Elite

5.º posto Carla Veiga García

6.º posto Isabel Pastoriza Santos

### Damas-35

3.º posto Ana Iglesias Junzalvos

### Homes-Elite

10.º posto Gonzalo Fernández Casalderrey

### Homes-35

3.º posto José Luis Armada Luaces

### Equipos

7.º posto de 14 equipos participantes

A sección participou na organización do Campionato de España Universitario de Orientación, que tivo lugar en Vigo do 1 ao 3 de maio. Ademais, organizou a 8ª. proba da Liga Galega e colaborou na organización dos campionatos provinciais escolares. Previamente desenvolveu charlas en centros de ensino dirixidas a escolares con idades comprendidas entre os 14 e os 16 anos para dar a coñecer esta actividade.

Tamén estivo presente no Campionato Ibérico celebrado en Idanha a Nova (Portugal).





## 5.1. ORGANIZADOS POLO SERVIZO DE DEPORTES

### PROXECTO ACTÍVATE

Nos tres campus (Vigo, Ourense e Pontevedra) do 13 ao 16 de outubro de 2008

Esta iniciativa conxunta da Dirección Xeral para o Deporte, a Fundación Deporte Galego e as tres universidades galegas, quixo difundir e potenciar a práctica de actividades físicas e deportivas nos sete campus universitarios de Galicia.

No caso da Universidade de Vigo os postos permaneceron os días 13 e 14 na zona comercial de Vigo, o día 15 na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación de Pontevedra e, por último, o pavillón universitario de Ourense acolleu esta actividade o 16 de outubro.

Todas as persoas participantes puideron coñecer de forma rápida e divertida, mediante unhas sinxelas probas, o estado da súa condición física saudable (composición corporal, forza, flexibilidade, equilibrio e capacidade cardiorrespiratoria) e recibir consellos personalizados por parte de licenciados en Ciencias da Actividade Física e o Deporte sobre cal é a práctica de actividade física máis axeitada para mellorar e manter a súa saúde.

### VII TROFEO UNIVERSIDADE DE VIGO DE CARREIRAS DE ORIENTACIÓN

Serra do Galiñeiro, 29 de novembro de 2008

Na 8.ª proba da XVII Liga Galega de Carreiras de Orientación participaron 230 deportistas de 14 clubs de toda Galicia. O evento foi organizado coa colaboración da Comunidade de Montes de Vincios, que cedeu as súas instalacións para a entrega de premios e para situar a oficina de acreditación e control.



NÃO DEIXES QUE ESTE CURSO  
SEJA IGUAL QUE OS DEITAS.  
 NÃO ESTA VEZ.  
 ESTE ANO FAI DEPORTE  
NA TUA UNIVERSIDADE!!

# ACTIVATE

SEMANA DO DEPORTE NA UNIVERSIDADE

ENTRE OS DIAS 13 E 15 DE SETEMBRO

QUINTA	COLE - SANTIAGO
DIA 13	ZONA COMERCIAL OVI - WICO CAMPUS ELWIÑA - A CORUÑA
SEXTA	FAC. MEDICINA - SANTIAGO
DIA 14	ZONA COMERCIAL OVI - WICO CAMPUS ZARATEIRA - A CORUÑA
SÁBADO	FAC. ECONOMICAS - SANTIAGO
DIA 15	FAC. CC. SOCIAIS - PORTOVEDRA CAMPUS ESTEIRO - FERROL
SÁBADO	FAC. VETERINARIA - WICO
DIA 16	TRUILLÓN UNIVERSITARIO - OURENSE CAMPUS ELWIÑA - A CORUÑA

NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CAMPUS CORUÑA E FERROL OS HORARIOS SERÁN DE 10H / 15 - 19H  
 NA UNIVERSIDADE DE WICO CAMPUS WICO PORTOVEDRA E OURENSE SERÁN DE 10H - 14H  
 NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CAMPUS SANTIAGO E WICO OS HORARIOS SERÁN DE 10H 3 - 13H / PARTES - XOUSAS DE 10H - 14H

ACTIVACIÓN FÍSICA  
 CO E GAÑA UN  
 OSO E INCRÍBLE  
 APPLE

NESTE MESMO POSTO DE  
 ACTIVATE PODERÁS ATOPAR  
 TODA A PROGRAMACIÓN DE  
 COMO ACADÉMICOS ESTE  
 MARAVILLOSO TRÁBIELO.  
 PERO LEMBRAR QUE TES SO  
 ESTA SEMANA PARA TE  
 INSCREBER A UN DOS NOSOS  
 POSTOS NAS UNIVERSIDA-  
 DES CALECAS!

QUÉRELO, NÃO SI?



# ACTIVATE

SEMANA DO DEPORTE NA UNIVERSIDADE







### XORNADAS ANTITABACO

Vigo, 26 de novembro de 2008 e Ourense, 19 de maio de 2009

O obxecto destas xornadas foi alertar sobre os efectos do tabaco e propoñer opcións que xeren hábitos de vida saudables. Todas as persoas participantes podían realizar unha cooximetría, que mide o nivel de monóxido de carbono nos pulmóns e permite coñecer o impacto do tabaco no organismo, tanto en fumadores activos coma pasivos, así como a súa dependencia.

Nesta iniciativa colaboraron no Campus de Vigo, a Sociedade de Prevención Fremap e o Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade, e no de Ourense, a Concellaría de Sanidade do Concello de Ourense.

### XORNADAS DE DEPORTE E DISCAPACIDADE

Pontevedra, 19 de novembro de 2008

A Fundación Menela e a Universidade de Vigo organizaron nos tres campus unhas xornadas de sensibilización cara ás persoas con discapacidade psíquica.

No Campus de Pontevedra estas xornadas trataron sobre a discapacidade psíquica no ámbito deportivo.

O programa comprendeu conferencias, exhibicións de ximnasia rítmica e actividades deportivas.

### TORNEO ZONAL DE XADREZ 2009. PROVINCIA DE OURENSE

Ourense, decembro de 2008

A Asociación XOU (Xadrez Ourenán Universitario) organizou en colaboración coa Asociación Ourená de Clubs, a Federación Galega de Xadrez e o Servizo de Deportes, o Torneo Provincial de Xadrez os días 6, 7, 8, 13 e 14 de decembro no pavillón universitario.

### VI MARATÓN DE AERÓBIC SOLIDARIO A PROL DE UNICEF

Pontevedra, 18 de decembro de 2008

A nova edición deste maratón solidario reuniu preto de 200 persoas no pavillón polideportivo do Campus de Pontevedra para facer deporte por unha boa causa.

A entrada era gratuíta e a única condición era achegar unha cantidade de diñeiro voluntaria para Unicef e un quilo dun alimento non perecedeiro para doar ao comedor dos Padres Franciscanos.

### 10 KM CIDADE UNIVERSITARIA

Vigo, 22 de marzo de 2009

A terceira edición da carreira 10 Km Cidade Universitaria desenvolveuse en colaboración coa delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo e o Comesaña Sporting Club de Vigo. Esta carreira a pé de 10 km tivo lugar no contorno do Campus de Vigo, con saída e chegada nos arredores da piscina universitaria, e contou coa participación de 425 deportistas (federados, universitarios ou populares).

En categoría masculina resultou gañador Pedro Nimo (Club Piélagos) e na feminina a viguesa Marta Fernández (Comesaña Sporting Club).

A carreira transcorreu nun ambiente animado e festivo, tanto para os corredores/as coma para as súas familias, que puideron gozar con diversas actividades como animación teatral e unha área de xogos para os máis cativos.







### CAMPIONATOS DE ESPAÑA UNIVERSITARIOS 2009

Vigo, do 1 ao 3 de maio de 2009

A Universidade de Vigo converteuse no mes de maio no epicentro deportivo universitario grazas á celebración dos campionatos de España universitarios de Orientación e Taekwondo que tiveron lugar en distintos puntos dos concellos de Vigo (parque Charlie Rivel e Campus de Vigo, As Lagoas, Marcosende) e Gondomar (serra do Galiñeiro). En total, as dúas especialidades concentraron 359 deportistas e máis de 100 delegados e técnicos.

A competición de **Orientación** compúxose de tres probas: una carreira de distancia media, outra de distancia longa e unha carreira de sprint. A serra do Galiñeiro acolleu as carreiras de distancia media e longa, mentres que a carreira de sprint se celebrou no parque Charlie Rivel (O Castro). Competiron no evento un total de 132 participantes de 33 universidades, 52 na categoría feminina e 80 na masculina.

Entre as persoas gañadoras destacaron a corredora da Universitat de Barcelona Ona Rafols Perramon, que obtivo o ouro nas tres modalidades da competición, así como Roger Casal Fernández, que obtivo dous dos tres ouro e Esther Gil Brotons, que obtivo dúas pratas.

#### Clasificación de Orientación por universidades:

- 1ª. Universitat d'Alacant. 33 puntos
- 2ª. Universitat de Cataluña. 104 puntos
- 3ª. Universitat de Barcelona. 170 puntos

A competición de **Taekwondo** incluíu oito categorías masculinas e sete femininas: minimosca, mosca, pluma, galo, lixeiro, superlixeiro, medio e pesado –masculinas- e minimosca, mosca, galo, pluma, medio e superlixeiro –femininas-.

Participaron no evento máis de 200 deportistas en representación de 49 universidades que se reuniron nas instalacións deportivas do Campus de Vigo.

O equipo da Universidade de Vigo acadou o segundo posto na clasificación por universidades. Os/as deportistas de Vigo obtiveron oito medallas: unha de ouro, dúas de prata e cinco de bronce.

#### Clasificación de Taekwondo por universidades:

- 1ª. Universidad Politécnica de Madrid
- 2ª. Universidade de Vigo
- 3ª. Universidad Complutense de Madrid

### III TORNEO SAN ISIDRO DE RUGBY

Pontevedra, 14 de maio de 2009

O Campus de Pontevedra apostou polo rugby coa celebración do III Torneo San Isidro, que tivo lugar no campo de herba artificial da Xunqueira e onde participaron 100 deportistas das tres universidades galegas. Nesta edición unicamente houbo competición en categoría masculina. A vitoria foi para o equipo da Facultade de Ciencias da Educación e o Deporte do Campus de Pontevedra.







### **XVIII GALA DO DEPORTE**

Vigo, 21 de maio de 2009

Este acto tivo lugar no teatro Vidal Bolaño o xoves día 21 de maio e contou cunha ampla asistencia da comunidade universitaria que cubriu a capacidade dispoñible.

Esta gala foi conducida polos ex-alumnos da Universidade de Vigo María Castro, David López e Alba Lago, e contou coas actuacións do grupo de teatro universitario Zancalino e o grupo musical Mooncresta, tamén vinculado á Universidade de Vigo.

No transcurso do acto o reitor, Alberto Gago, entregoulles o I Premio á Excelencia Deportiva a Rebeca Mariño e a Gustavo Nieves.

Tamén se outorgou unha mención especial como egresado máis destacado de 2008 a Javier Pascual (Pasqui) e ao profesor Eduardo Domínguez dentro da categoría de traballadores da Universidade con participación no eido do deporte.

### **PARTIDO SOLIDARIO GOTAS PARA NÍXER**

Ourense, xuño de 2009

O Campus amosou unha vez máis a súa solidariedade cos menos favorecidos e sumouse ao Proxecto Gotas para Níxer de Unicef.

